CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Recoñece os efectos na economía dos países dos distintos niveis de integración económica. Recoñece as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración europeo.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analiza con espírito crítico os efectos da integración na economía mundial.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza.</li> <li>- O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria.</li> <li>- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	Retos do futuro.	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Identifica os factores explicativos da globalización, oportunidades e riscos.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Identifica as causas da pobreza e propón solucións. Valora as implicacións socioeconómicas dos fluxos migratorios.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Identifica os custos do deterioro medioambiental e as posibles solucións públicas e privadas. Analiza os indicadores de desenvolvemento de diferentes países.		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Coñece os indicadores de desenvolvemento e relacións co benestar e calidade de vida.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os principios básicos da teoría do decrecemento económico.		
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Coñece os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible como resposta aos retos económicos actuais. Coñece e valora a estratexia española de desenvolvemento sostible 2030.		
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Analiza de forma práctica as respostas dos procesos de integración económica aos retos actuais.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Identifica actuacións a desenvolver polos axentes económicos na procura do ODS.	TI	50
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Valora diversas medidas que poidan contribuír á sostibilidade do estado do benestar. Comprende os factores e consecuencias da nova economía derivadas da revolución dixital.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora a economía colaborativa como alternativa menos desperdiciadora de recursos. Valora a importancia da implantación dunha economía circular.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



## Contidos

- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.
- A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.
- A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital.
- O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.
- Teorías sobre o decrecemento económico.
- Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta basease na ensinanza activa, na que a participación do alumno é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Tamén se prestará especial atención a aqueles elementos que axuden a potenciar a motivación do alumnado, tratando de dar unha resposta competencial, que pase da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia considéranse os Principios e Orientacións pedagóxicas do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.

Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final.

Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promocionar a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

A avaliación será continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

#### Denominación

Libro de texto. 1BTO ECONOMIA CM CAST ED22. Santillana (Proyecto construyendo mundos). ISBN 9788468072289.

Calculadora: permite as operacións básicas para a resolución dos problemas propostos na clase.

Apuntes elaborados polo profesor/a.

Uso de aplicacións informáticas que permitan e reforcen a adquisición dos contidos.
Prensa: os medios de comunicación escrita son unha fonte inesgotable e actualizada para a obtención de datos relacionados con contidos económicos, en especial os referidos á información de empresas, gobernos ou datos estatísticos.
Xogos e experimentos de carácter económico.
Pizarra dixital.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa.

Formularase unha proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado. Isto complementase coa formulación de preguntas orais durante as primeiras sesións do curso.

Esta avaliación permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	50	<b>78</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	50	<b>22</b>

#### Criterios de cualificación:

A cualificación será un número enteiro entre 1 e 10, ambos inclusive. Para o seu cálculo teranse en conta os seguintes criterios:

- A nota de cada avaliación parcial calcularase como a media aritmética das cualificacións obtidas nas probas escritas (80% da nota) e nas tarefas avaliadas mediante táboas de indicadores (20% da nota). Dado que a cualificación da avaliación parcial é numérica exacta, unha vez calculada a media, aplicarase o seguinte redondeo:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Para superar a avaliación o alumnado deberá obter unha nota mínima igual ou superior a 5.

NOTA: O alumnado deberá acadar unha nota mínima de 4 puntos tanto nas probas escritas como na práctica proposta para que estas se consideren compensables. De non ser así deberá recuperar as partes (Unidades Didácticas) non superadas seguindo o procedemento que se indica no apartado seguinte.

- Si se detecta o uso de técnicas fraudulentas nas probas escritas ou nas tarefas avaliadas (copiar, permitir que outros copien, plaxio, etc.), dita proba ou tarefa será cualificada como suspensa (nota mínima 1), tendo o alumno/a que recuperar a correspondente parte da materia.

- Non asistir a clase no día previsto para unha proba/exame dará lugar á cualificación de "non presentado". Para a realización da proba noutra data, a ausencia deberá estar debidamente xustificada, quedando a repetición da proba suxeita á decisión do equipo docente ou directivo.

- A nota da avaliación ordinaria será calculada como a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións parciais sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, unha vez calculada a media, aplicarase o seguinte redondeo:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Para superar a materia o alumno deberá obter unha nota mínima igual ou superior a 5

Os instrumentos e ferramentas de avaliación serán os seguintes:

- Probas escritas: exames ou probas sobre os contidos explicados. O deseño das probas realizarase tendo en conta as características e os obxectivos de cada unidade didáctica.

- Táboa de indicadores: inclúe a entrega de tarefas (exercicios, cuestionarios, traballos, presentacións, proxectos, debates...) no formato requirido, tanto individuais como grupais; así como a observación directa do traballo na aula (participación activa na clase, colaboración cos compañeiros, etc.)

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada (proba de recuperación). A cualificación calcularase do seguinte xeito.

- 80% nota obtida na proba de recuperación.
- 20% nota obtida nas tarefas avaliadas mediante táboas de indicadores que se levaron a cabo durante a avaliación non superada.

O alumnado recupera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5.

O alumnado que non superou as probas de recuperación das avaliacións parciais, terá que presentarse á unha proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.

A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como a media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación).

O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Procedemento destinado a:

- Alumnado que cursa segundo curso e ten pendente a materia de Economía de primeiro.
- Alumnado de cambio de modalidade que deba cursar a materia de primeiro.

O departamento didáctico proporá un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos esixibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación a empregar serán Táboas de Indicadores (TI) sobre as tarefas propostas e unha Proba Escrita (PE) que versará sobre os seguintes contidos:

- Bloque 1. As decisións económicas.
- Bloque 2. A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión microeconómica.
- Bloque 3. A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión macroeconómica.
- Bloque 4. As políticas económicas.
- Bloque 5. Os retos da economía española nun contexto globalizado.

A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como a media aritmética das cualificacións obtidas cos instrumentos de avaliación referidos (80% proba escrita e 20% tarefas propostas).

Entenderase que o alumnado supera a materia cando obteña unha cualificación, aplicado o redondeo, de mínimo 5.

No caso de non superar as probas ordinarias o alumnado será convocado a unha proba final que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos. Neste caso a cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) (aplicarase ao resultado final o redondeo explicado e recollido na programación).

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

O seguimento do alumnado con materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento en coordinación co profesorado de nivel que imparte docencia ao alumno ou alumna.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Medidas ordinarias

Considéranse medidas ordinarias aquelas que faciliten a adecuación do currículo - sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación - ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos e favorecendo a convivencia e a aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e as circunstancias do seu contorno. Unha vez se identifiquen as barreiras de aprendizaxe (accesibilidade física, sensorial, cognitiva ou emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que os contidos sexan accesibles.
- Aplicación de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais e/ou aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado e tamén doutros aspectos como son a forma de comunicación co alumnado, a secuenciación de tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos ou a concesión do tempo necesario. Neste sentido, aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería en función das necesidades detectadas no alumnado.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

#### Medidas extraordinarias

As medidas extraordinarias son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidades educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. Os docentes coordinados polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborarán unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a súa entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X			X	X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - A igualdade de xénero	X					X		X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade			X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero				X

#### Observacións:

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.		X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ó currículo do alumnado.
Estabece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.

Clima de traballo na aula
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.
Outros
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inxerencias do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.

### Descrición:

Segundo o establecido na normativa, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro que se incluírán nas programacións docentes.

Estes indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación no relativo a planificación, motivación do alumnado, desenvolvemento do proceso de ensino, idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas e o seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe

Estes indicadores valoraranse de 1 a 5 (sendo 1 a valoración mínima e 5 a valoración máis alta).

A avaliación da práctica docente terá como obxectivo:

- Axustar a práctica docente ás peculiaridades do alumnado..
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación.
- Establecer propostas de mellora que permitan mellorar os procesos de ensino-aprendizaxe.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao inicio do curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens por parte do/a docente que imparta a materia e nas reunións de departamento.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderanse introducir medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación para cuantificar o grao de consecución de obxectivos, criterios de avaliación e contidos.



- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

## **9. Outros apartados**